Exposición Bibliográfica e Documental



ANIVERSARIO

LICENCIATURA DE MATEMÁTICAS USC

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE MATEMÁTICAS

Coordinador Xeral
Juan M. Viaño Rey

Sección 1ª
OS ESTUDIOS DE MATEMÁTICAS NA USC
Comisario
José Angel Docobo Durántez

Sección 2ª
FONDOS DE MATEMÁTICAS NA BIBLIOTECA DA USC
Comisario
Luis Ángel Cordero Rego

Sección 3ª
50-5 ANOS DE DOCENTES EN MATEMÁTICAS FORMADOS NA USC
Comisario
Luis Carlos Cachafeiro Chamosa

Producción
Unidixital

Patrocinadores

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DEPUTACION DA CORUÑA

OBRA SOCIAL CAIXAGALICIA

SUTEGA

Sección 2ª

ANIVERSARIO
LICENCIATURA DE MATEMÁTICAS USC

FONDOS DE MATEMÁTICAS NA BIBLIOTECA DA USC

Presentación

Esta sección pretende amosar unha escolma dos fondos bibliográficos da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela, relacionados coas Matemáticas. Ofrece unha oportunidade única para coñecer e admirar os libros universais, os dos matemáticos galegos mais sobresaíntes e revisar os datos da produción científica da Facultade nos 50 anos.

Unidades

1. Fondos universais
2. Fondos galegos
3. Libros que quedan na memoria
4. Libros publicados polo profesorado da Facultade
5. Series publicadas na Facultade de Matemáticas
6. Congresos internacionais na Facultade
7. Produción científica da Facultade de Matemáticas

Comisario

Luis Ángel Cordero Rego

Colaboradores

Rosa Bassave Roibal
José Ángel Docobo Durántez,
Ana Isabel Portugués del Río

Agradecementos

Biblioteca da Facultade
Biblioteca Xeral da USC (BUSC)
Departamentos da Facultade
Observatorio Astronómico R.M. Aller
Alumnos en prácticas:
- Gonzalo Álvarez Vázquez
- Tamara Fernández Rodríguez
- Cristina Núñez García.

ANÁLISE MATEMÁTICA

Persoal investigador actual

- Número de investigadores doutores: 18
- Número de investigadores non doutores: 8
- Número de grupos de investigación: 1

Obtención de recursos (últimos 10 anos)

- Número de proxectos/contratos de carácter internacional: 4
- Número de proxectos/contratos de carácter nacional: 5
- Número de proxectos contratos de carácter autonómico: 3
- Financiamento global obtida: 530.178 €

Producción científica (últimos 10 anos)

- Número de teses dirixidas: 5
- Número de artigos en revistas de difusión: 167

ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA

Persoal investigador actual

- Número de investigadores doutores: 20
- Número de investigadores non doutores: 9
- Número de grupos de investigación: 1

Obtención de recursos (últimos 10 anos)

- Número de proxectos/contratos de carácter internacional: 3
- Número de proxectos/contratos de carácter nacional: 11
- Número de proxectos contratos de carácter autonómico: 120
- Financiamento global obtida: 3.786.843,9 €

Producción científica (últimos 10 anos)

- Número de teses dirixidas: 24
- Número de artigos en revistas de difusión: 238

MATEMÁTICA APLICADA

ÁREA MATEMÁTICA APLICADA

Persoal investigador actual

- Número de investigadores doutores: 22
- Número de investigadores non doutores: 26
- Número de grupos de investigación: 3

Obtención de recursos (últimos 10 anos)

- Número de proxectos/contratos de carácter internacional: 3
- Número de proxectos/contratos de carácter nacional: 26
- Número de proxectos contratos de carácter autonómico: 38
- Financiamento global obtida: 2.225.263,25 €

Producción científica (últimos 10 anos)

- Número de teses dirixidas: 17
- Número de artigos en revistas de difusión: 174

XEOMETRÍA E TOPOLOXÍA

Persoal investigador actual

- Número de investigadores doutores: 16
- Número de investigadores non doutores: 3
- Número de grupos de investigación: 3

Obtención de recursos (últimos 10 anos)

- Número de proxectos/contratos de carácter internacional: 2
- Número de proxectos/contratos de carácter nacional: 15
- Número de proxectos contratos de carácter autonómico: 15
- Financiamento global obtida: 675.870 €

Producción científica (últimos 10 anos)

- Número de teses dirixidas: 9
- Número de artigos en revistas de difusión: 41

MATEMÁTICA APLICADA

ÁREA ASTRONOMÍA E ASTROFÍSICA

Persoal investigador actual

- Número de investigadores doutores: 4
- Número de investigadores non doutores: 2
- Número de grupos de investigación: 1

Obtención de recursos (últimos 10 anos)

- Número de proxectos/contratos de carácter nacional: 7
- Número de proxectos contratos de carácter autonómico: 16
- Financiamento global obtida: 667.538,32 €

Producción científica (últimos 10 anos)

- Número de teses dirixidas: 2
- Número de artigos en revistas de difusión: 163

ANÁLISE MATEMÁTICA

Introdución

O xerme do actual Departamento de Análise Matemática remóntase á dotación da ***"Cátedra de Análisis Matemático 2º e 3º"*** na Universidade de Santiago de Compostela. Foi ocupada por primeira vez, e tras concurso oposición, polo profesor ***Rafael Aguiló*** pero soamente durante o curso 1964-65, xa que ao remate do cal dito profesor incorporouse á Universidade de Barcelona. A cátedra foi de novo ocupada, tamén tras concurso oposición, polo profesor ***Antonio Valle*** o día 4 de febreiro de 1967.

Pola Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 28 de Maio de 1966 (B.O.E. do 4 de Xullo de 1966) constituíronse o ***"Departamento de Teoría de Funciones"*** e o ***"Departamento de Ecuaciones Funcionales"*** na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago. O profesor A. Valle foi nomeado director do Departamento de Ecuacións Funcionais, e as circunstancias do momento fixeron que tivera que encargarse tamén da dirección do Departamento de Teoría de Funcións. Baixo a súa dirección iniciouse na facultade o espíritu dunha estrutura organizada entorno ás materias tradicionalmente integradas na denominación xenérica de análise matemática. A súa capacidade de traballo e absoluta dedicación fixeron posible sentar as bases e dar o primeiro e importante impulso necesario para que a análise matemática acadara na Universidade de Santiago niveis de calidade docente e investigadora modernos. Establecéronse importantes contactos con profesores ou investigadores de países como Italia, Francia e Brasil, o que propiciou estadías tanto deses investigadores en Santiago como de moitos membros do departamento naqueles países. Tamén nesa época se iniciou a publicación de dúas series de fascículos, unha de tipo docente e outra de tipo investigador.

Tras o traslado do profesor A. Valle á Universidade de Sevilla no ano 1973, o profesor José María Isidro foi nomeado director do Departamento de Teoría de Funcións, e a dirección do Departamento de Ecuacións Funcionais foi exercida, por orde cronolóxica, por el mesmo e polos profesores Pablo Carpintero e Gerardo Rodríguez.

Coa entrada en vigor da Lei de Reforma Universitaria e a consecuente nova estrutura departamental, desaparecen os departamentos de Teoría de Funcións e Ecuacións Funcionais e no día 11 de Xuño de 1986 se constitúe o ***Departamento de Análise Matemática***. Neste novo departamento se integraron tódolos profesores do Departamento de Teoría de Funcións e unha parte dos profesores do Departamento de Ecuacións Funcionais.

Dende os seus inicios ata a actualidade, máis de 50 profesores formaron parte nalgún momento do Departamento de Análise Matemática, que chegou a ser responsable da docencia, ademais de en Matemáticas, nas titulacións de Económicas, Química, Enxeñería, Medicina, Física e Bioloxía, e nos Colexios Universitarios de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

Algúns profesores que acadaron o seu doutoramento neste departamento traballan hoxe en día noutras universidades como, por exemplo, a Complutense de Madrid, Extremadura, Jaén, Oviedo, U.N.E.D. e Vigo.

Na actualidade o Departamento de Análise Matemática conta con 18 profesores, todos eles doutores, entre os cales hai 5 catedráticos de universidade, 11 titulares de universidade, unha profesora asociada a tempo completo e un profesor asociado a tempo parcial.

A investigación no departamento

A investigación levada a cabo produciu ao redor de 30 teses de doutoramento encadradas nas liñas de investigación que se indican de seguido, xunto co seu código MSC2000, e nalgunhas delas continua desenvolvendo a súa investigación o profesorado do departamento:

32 Varias variables complexas e espazos analíticos	46 Análise funcional
34 Ecuacións diferenciais ordinarias	47 Teoría de operadores
35 Ecuacións en derivadas parciais	65 Análisis numérico
37 Sistemas dinámicos e teoría ergódica	92 Bioloxía e outras ciencias naturais
39 Ecuacións en diferenzas e funcionais	93 Teoría de sistemas; control

Unha descrición máis polo miudo dos distintos temas de investigación que ocupan aos membros deste departamento é imposible de transmitir cun mínimo de claridade no escaso espazo dun póster, e non permitiría ao lector ter unha idea comparativa sobre o nivel da nosa investigación fronte á doutros departamentos de España. Ademais, o acceso á maior parte das conclusións da investigación realizada no Departamento de Análise Matemática é moi doado, xa que está publicada en xornais dispoñibles na hemeroteca da facultade. Polas razóns anteriores preferimos mostrar algúns datos obxectivos sobre a calidade da investigación.

En primeiro lugar, o departamento conta con editores de revistas de recoñecido prestixio internacional como Discrete Dynamics in Nature and Society e Journal of Inequalities and Applications, entre outras, e algúns membros do departamento figuran na lista do ISI Web of Knowledge (Essential Science Indicators) dos autores matemáticos máis referenciados nos últimos anos e que apenas contén 30 matemáticos españois.

O número de traballos publicados polos profesores deste departamento nos últimos anos indícase no seguinte gráfico:

Número de publicacións do Departamento de Análise Matemática da USC referenciadas en MathSciNet (base de datos da American Mathematical Society)



Segundo os datos de MathSciNet, nos últimos cinco anos o Departamento de Análise Matemática da USC publicou unha media de 19.8 artigos por ano. Ese dato supera a media dos once departamentos españois que no seu nome aluden explicitamente á análise matemática, e tan so é superado polos datos correspondentes ao Departament de Matemàtica Aplicada i Anàlisi, da Universitat de Barcelona (27.4), e o Departamento de Análisis Matemático da Universidad de La Laguna (28.2).

Número de publicacións dos departamentos de análise matemática españois (Datos de MathSciNet por código da institución e ano de publicación)



Débese ter en conta que o Departamento de Análise Matemática da USC é pequeno en comparación cos demais (o número de profesores de cada departamento pode consultarse nas correspondentes páxinas web institucionais) de tal xeito que o número medio de publicacións por profesor no periodo 2003-2007 do Departamento de Análise Matemática da USC é o meirande, como podemos observar no seguinte gráfico:

Número medio de publicacións anuais por profesor no periodo 2003-2007 dos departamentos de análise matemática españois



Cómpre ampliar ainda máis a anterior comparativa, xa que moitas universidades españolas non teñen departamento de análise matemática, sendo habitual a existencia dun "Departamento de Matemáticas" que aglutina varias áreas. Levando a cabo un estudo análogo ao anterior cos máis importantes departamentos de matemáticas españois que inclúen a área de análise matemática, obtemos os datos que se reflicten na seguinte gráfica, e onde podemos apreciar de novo o bo nivel de número publicacións do Departamento de Análise Matemática da USC.

Número medio de publicacións anuais por profesor no periodo 2003-2007 dalgúns departamentos de matemáticas españois



Finalmente destacamos o feito de que as contribucións científicas do Departamento de Análise Matemática son publicadas en revistas matemáticas prestixiosas como ***Journal of Mathematical Analysis and Applications***, ***Nonlinear Analysis***, e mesmo noutras de carácter interdisciplinar e de grande índice de impacto, non so na categoría de matemáticas senón tamén noutras, como ***Bioinformatics***, ***Bulletin of Mathematical Biology***, ***Chaos, Solitons & Fractals*** ou ***Journal of Biomedicine and Biotechnology***.

MATEMÁTICA APLICADA

Campus Santiago

Campus Lugo

Grupo: Resolución Numérica de Ecuacións en Derivadas Parciais e Simulación Numérica na Enxeñaría

Grupo: Modelos Matemáticos e Simulación Numérica en Mecánica de Sólidos

Grupo: Modelización en Fluxos Hidrodinámicos

Grupo: Observatorio Astronómico Ramón María Aller



XEOMETRÍA E TOPOLOXÍA

O Departamento incorporou a matemática ao Camiño de Santiago, ao organizar a primeira reunión internacional de matemáticas celebrada en España, o
I Coloquio Internacional de Xeometría Diferencial, Santiago de Compostela, 1963.

Este ano celébrase o VIII Coloquio Internacional de Xeometría Diferencial, conmemorando o centenario do nacemento do Prof. Enrique Vidal Abascal, fundador do Departamento.

Moitos matemáticos ilustres visitaron dende aquela o noso Departamento. O seu saber e a súa lembranza enriquecen a nosa historia:

Germán Ancochea, Raoul Bott, Paul Dedecker, René Deheuvels, Beno Eckmann, Claude Godbillon, Lucien Godeaux, Alfred Gray, Paulette Libermann, André Liehnerowicz, Jean Martinet, Georges Reeb, Bruce L. Reinhart, Georges de Rham, Luis A. Santaló, Richard Sacksteder, Donald C. Spencer, Arthur G. Walker, Thomas J. Willmore, ...



Doutores formados total ou parcialmente no Departamento, que hoxe non permanecen nel:

***Francisco Javier Echarte Reula**, Catedrático da Universidade de Sevilla, **Antonio Martínez Naveira**, Catedrático da Universidade de Valencia, **Enrique Vidal Costa**, Catedrático de Escola Universitaria na Universidade de Vigo, Pontevedra, **Mª de los Ángeles de Prada Vicente**, Catedrática na Universidade do País Vasco, **Pedro Martínez Gadea**, Investigador no CSIC, **Marisa Fernández Rodríguez**, Catedrática na Universidade do País Vasco, **Manuel de León Rodríguez**, Profesor de Investigación no CSIC, **Enrique de la Torre Fernández**, Catedrático de Escola Universitaria na Universidade de A Coruña, **Conchita Fuertes Fraile**, Profesora Titular na Universidade Complutense de Madrid, **Alberto Candel Méndez**, Profesor na California State University, Northridge, **Demetrio Domínguez Plata**, Profesor Titular na Universidade de Cantabria, **José Luciano López Rosendo[1], Esperanza Sanmartín Carbón**, Profesora Titular na Universidade de Vigo, **José J. Mencía González**, Profesor Titular na Universidade do País Vasco, **Luis Carlos de Andrés Domingo**, Profesor Titular na Universidade do País Vasco, **Juan Ignacio Rozas de Miguel[1], Ana Dorotea Tarrío Tobar**, Catedrática de Escola Universitaria na Universidade de A Coruña, **Mª Teresa Iglesias Otero**, Profesora Titular na Universidade de A Coruña, **Ignacio Bajo Palacio**, Profesor Titular na Universidade de Vigo, **Isabel Méndez Naya**, Profesora Titular na Universidade de Santiago de Compostela, **Domingo Chinea Miranda**, Catedrático da Universidade de La Laguna, **Angel Montesdeoca Delgado**, Profesor Contratado da Universidade de La Laguna, **Eugenio Merino Gayoso**, Profesor Titular na Universidade de A Coruña, **Mª Dolores Monar Hernández**, Profesora Titular da Universidade de La Laguna, **José Mª Sierra Carrizo**, Profesor Titular de Escola Universitaria na Universidade Politécnica de Madrid, **Miguel Ángel Rodríguez González**, Profesor Contratado na Universidade de Santiago, Lugo, **Ramón Vázquez Lorenzo**, Profesor no IES Porta da Auga, Ribadeo, **Lucía Fernández Suárez**, Profesora na Universidade do Minho, Braga, **Hellen Colman Vale**, Profesora no Wilbur Wright College, Chicago, **Mª Trinidad Pérez López**, Profesora no IES Otero Pedraio, Ourense, **Manuel Fernández López**, Profesor no IES María Sarmiento, Viveiro, **Mohammad Chaichi**, Universidade de Tabriz, Iran, **José Carlos Díaz Ramos**, Marie Curie Fellow no University College Cork, **Miguel Anxo Bermúdez Carro**, Profesor na Université Paris-VII, **Miguel Brozos Vázquez**, Profesor no IES Fernando Wirtz, A Coruña, **Alberto Martín Méndez**, Profesor Contratado na Universidade de Vigo, **Luis Sanguiao Sande**, Profesor Contratado na Universidade de A Coruña, **Ali Haji Badali**, Universidade de Tabriz, Iran.*

http://xtsunxet.usc.es

ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA

1976	**(1976)** Independencia do Departamento de Estatística Matemática, coa chegada do Prof. Ramiro Melendreras, tras a breve estadía do Prof. Francisco Azorín a principios da década dos sesenta
1977	
1978	
1979	**(1979)** Primeiras teses do Departamento (Luís Coladas e Eduardo Ramos), dirixidas polo Prof. Melendreras.
1980	
1981	**(1981)** O Departamento adquire o seu primeiro ordenador, un IBM5120.
1982	**(1982)** Primeiro contrato externo con Fenosa, a través de FEUGA, por unha contía de 2.212.000 pesetas.
1983	
1984	**(1984)** Premio de Investigación en Estatística Ramiro Melendreras ao Prof. Wenceslao González.
1985	
1986	**(1986)** Convocatoria do primeiro consello e creación do Dpto. de Estatística e Investigación Operativa.
1987	
1988	**(1988)** Primeiro contrato con Endesa Generación, para a Central Térmica de As Pontes. **(1988)** Primeiro proxecto de investigación, financiado pola Xunta de Galicia.
1989	**(1989)** Celebración da XVIII Reunión Nacional de Estadística, Investigación Operativa e Informática, con máis de 200 participantes.
1990	
1991	**(1991)** Primeiro proxecto de investigación nacional.
1992	**(1992)** Comeza a andar a SGAPEIO (Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións) **(1992)** Asínase o primeiro contrato de colaboración coa Consellería de Sanidade. **(1992)** Primeiro proxecto nacional de transferencia tecnolóxica.
1993	**(1993)** Celebración dos Seminarios Internacionais de Inferencia Nonparamétrica (ISNI).
1994	
1995	**(1995)** Premio de Investigación da Xunta de Galicia ao mellor traballo publicado na área de CC.Experimentais (Wenceslao González e Juan Vilar).
1996	**(1996)** Celebración do International Workshop on Game Theory and Politics. A conferencia inaugural correo a cargo do Nobel Reinhard Selten.
1997	**(1997)** Celebración do III Congreso da SGAPEIO (Lugo). **(1997)** Primeiro proxecto financiado pola Unión Europea. **(1997)** Primeiros estudos de turismo, en colaboración con Turgalicia.
1998	**(1998)** Primeira tese de Doutoramento Europeo (Jacobo de Uña).
1999	**(1999)** Celebración do IV Congreso da SGAPEIO (Santiago).
2000	**(2000)** Celebración do congreso internacional ISNI2000.
2001	**(2001)** Premio da Real Academia Galega de Medicina (ao grupo dirixido pola Prof. Carmen Cadarso)
2002	
2003	**(2003)** Organización do Congreso Internacional de medioambiente e saúde do International Statistical Institute ISI-EH. **(2003)** Primeiro contrato coa Fundación Caixa Galicia. **(2003)** Premio de Inv. da Real Academia de Ciencias (María José Lombardía, en colaboración co grupo de José Castillejo).
2004	
2005	**(2005)** O programa de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa obtén a Mención de Calidade.
2006	**(2006)** Grupo de Referencia Competitiva. Rede Mathematica Consulting & Computing de Galicia. **(2006)** Primeiro proxecto de xóvenes investigadores.
2007	**(2007)** Comeza o Master en Técnicas Estatísticas. **(2007)** Celebración do VIII Congreso da SGAPEIO (Santiago).
2008	**(2008)** O Prof. Winfried Stute é nomeado Doutor Honoris Causa pola USC.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA — DEPARTAMENTO DE ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA

ANIVERSARIO
LICENCIATURA DE MATEMÁTICAS USC

ENDESA



A colaboración coa Central Térmica de As Pontes (Endesa Generación) comeza co obxectivo fundamental de elaborar un modelo para a predición das emisións de SO_2. As novas necesidades da central fan que hoxe se estude o NOx.

SAÚDE PÚBLICA

No ano 1992, o Departamento comeza a súa relación coa Dirección Xeral de Saúde Pública, xestándose o programa Epidat, para a análise de datos epidemiolóxicos.

BIOMEDICINA



Avaliación de sistemas CAD mediante a aplicación das curvas ROC, medidas de risco de mortandade, neurociencia, e máis recentemente, estudos de marcadores biométricos.

ECOLOXÍA



Xunto co Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía da USC, colaboramos no modelado da concentración de metais pesados no aire.

FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

Modelado e predición de prezos de activos. Modelado de carteiras, para Fundación Caixa Galicia, participando tamén na elaboración dos Informes de Coxuntura Económica.

TEORÍA DE XOGOS

Colaboración con Ferroviedello Stato e con Siemens no deseño de tarifas para os xestores de infraestruturas ferroviarias en Europa.

INVESTIGACIÓN OPERATIVA

Colaboración coa cooperativa agraria Os Irmandiños na creación dunha aplicación informática para a planificación do uso das colleitadoras.

1998-2008: 3 proxectos internacionais, **11** proxectos nacionais, **120** contratos. Máis de **3.000.000 de euros** captados. **24** teses doutorais. **238** publicacións en JCR.

GRUPO MODELIZACIÓN ESTATÍSTICA E APLICACIÓNS (USC/GI1914)
LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

Bioestatística	Datos censurados
Técnicas de remostraxe	Xeoestatística
Series de tempo	Teoría de Xogos
Análise multivariante	Índices de poder
Modelos de regresión	Asignación de custos
Inferencia non Paramétrica	Modelos da investigación operativa
Modelos de predición	Decisión e programación multicriterio
Datos categóricos	Programación matemática

http://eio.usc.es

ÁLXEBRA

Excmo. Sr. D.
Eduardo García-Rodeja Fernández

En torno á cátedra de Xeometría 3º e 4º (Proxectiva e Descritiva) créase, en 1966, o Departamento de Álxebra e Fundamentos, adscrito á Sección de Matemáticas da Facultade de Ciencias. A totalidade do profesorado daquel departamento incorporouse ao departamento de Álxebra da Universidade de Santiago de Compostela creado en 1986 pola Lei de Reforma Universitaria (LRU). Así o de Álxebra pode ser considerado a continuación natural do anterior departamento de Álxebra e Fundamentos.

A orixe, o desenvolvemento e as actividades docente e investigadora de ámbolos dous departamentos son indisociables da figura do Profesor D. Eduardo García-Rodeja Fernández, que foi o seu director dende 1966 ata a súa xubilación en 1987. Inicialmente constituído por un catedrático, dous profesores interinos e un axudante, o departamento conta na actualidade con cinco catedráticos, doce profesores titulares e unha profesora contratada do programa Isidro Parga Pondal.

Profesores formados no departamento teñen contribuído de forma decisiva na fundación de departamentos universitarios doutras universidades, e crearon grupos de investigación de gran prestixio internacional. É o caso dos departamentos de Álxebra das Universidades de Valencia, Granada, Murcia, La Laguna, e dos grupos das áreas de Álxebra e de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial do departamento de Computación da Universidade da Coruña.

O profesor D. Eduardo García-Rodeja Fernández foi quen prendeu en Galicia o lume olímpico nas matemáticas coa celebración da Fase de Distrito da I Olimpiada Matemática Española na, entón (1964) única en Galicia, Universidade de Santiago de Compostela.
Lévanse celebrado 42 edicións.
Organizada dende 1999 por un grupo de profesores do Departamento, constituídos na "Asociación Eduardo García -Rodeja Fernández"
http://www.usc.es/olympia
No ano 2005 a fase nacional tivo lugar en Santiago

A revista ALXEBRA,
creada no ano 1967, e da que se editaron 65 números ata o ano 2004, é testimuña de boa parte da investigación levada a cabo.
O logotipo da portada é, dende entonces, o distintivo do Departamento

A investigación dos membros do departamento ten seguido diferentes liñas o longo do tempo, sendo publicada en importantes revistas da especialidade.

Alxebra Conmutativa. Homoloxía de André–Quillen. Categorías Pechadas. Alxebras de Hopf. Grupos Cuánticos. Categorías Derivadas. Formacións de Fitting. Teorías Alxebraicas. Módulos Cruzados. Bases de Gröbner. Alxebras de Leibniz. (Co–)Homoloxía de Grupos. Xeometría Alxébrica Proxectiva. Ecuacións de Superficies Regladas. Sicixias de Variedades alxébricas. Variedades Abelianas e Constantes de Seshadri. Teorías de Torsión. Teoría de Aneis.....

Advances in Mathematics. Archiv der Mathematik. Cahiers de Topologie et Géométrie Différentielle Categoriques. Commentarii Mathematici Helvetici. Communications in Algebra. Forum Mathematicum. Geometria Dedicata. Inventiones Mathematicae. Journal of Algebra. Journal of Pure and Applied Algebra. Mathematische Annalen. Mathematische Nachrichten. Proceedings of the AMS. Semigroup Forum ...

Departamento de Alxebra

Profesorado e Doutorado do Departamento

1947-2007

López López, Mª Purificación
López López, Miguel Angel
López Pérez, Antonio
López Piñeiro, Francisco
Majadas Soto, José Javier
Meseguer Guaita, José
Mosquera González, José Luís
Otero Verea, José Luís
Pedreira Pérez, Manuel
Pereiró Rodríguez, José Ramón
Pérez García, José Luís
Prada Sánchez, José Manuel
Quinteiro Sandomingo, Mª Carmen
Rivera Fernández, Miguel Ángel
Rodríguez Fernández, Celso
Rodríguez-Grandjean López-Valcarcel, Alfredo †
Rodríguez González, Miguel Angel
Rodríguez González, Nieves
Romero López-Grado, Rafael
Souto Aller, Pedro Jesús
Torres Iglesias, Francisco Javier
Touzón Pérez, Constantino
Ubeda Bescansa, Luis †
Valcarce Gómez, José
Vale Gonsalves, Mª Jesús
Villanueva Novoa, Emilio
Viña Escalar, Andrés

Aguado Martín, María Felicidad
Almuiña Loeda, Jesús
Alonso Tarrío, Leovigildo
Amaro Caamaño, Braulio
Amorín Gómez, Alfonso
Ares Diñeiro, Miguel
Barja Pérez, Javier
Barja Pérez, José Mª
Blanco Ferro, Antonio
Carollo Limeres, Maria del Carmen
Caruncho Castro, José Ramón
Castro Peralta, Eduardo
Costoya Ramos, Cristina
Crespo Correa, Emilio
Doncel Juárez, José Luís
Fernández Rodríguez, Rosa Mª
Fernández Vilaboa, José Manuel
Franco Fernández, Leoncio
Freire Nistal, José Luís
Gago Couso, Felipe
García-Rodeja Fernández, Eduardo †
García Rodicio, Antonio
Gómez Pardo, José Luís
González Borrego, Rosario
Hospido Rodríguez, José Luís
Isidro Gómez, José María
Jeremías López, Ana
Laborda González, María Jesús
Ladra González, Manuel.

Alonso Álvarez, J. Nicanor. Arias Mosquera, Daniel.
Aznar García, Enrique R. Bahamonde Rionda, Antonio.
Blanco Louro, Amalia. Casas Mirás, José Manuel.
Cid Muñoz, Rosa M. Fernández Ascariz, Pablo.
Fuentes García, Luís. González Rodríguez, Ramón.
Insua Hermo, Manuel Avelino. Lago Martínez, Ana †
Pérez Rodríguez, Marta.
Rodríguez Raposo , Ana Belén.
San Luís Fernández, Ana Mª.
Solá Conde , Luís Eduardo.
Souto Salorio, Mª José,
Vidal Martín, Concepción

Bolseiros 2008
Soneira Calvo, Carlos
Fernández Casado, Rafael

ÁLXEBRA

Persoal investigador actual

- Número de investigadores doutores: 18
- Número de investigadores non doutores: 1
- Número de grupos de investigación: 6

Obtención de recursos (últimos 10 anos)

- Número de proxectos/contratos de cáracter internacional: 3
- Número de proxectos/contratos de carácter nacional: 14
- Número de proxectos contratos de carácter autonómico: 17
- Financiamento global obtida: 737.213 €

Producción científica (últimos 10 anos)

- Número de teses dirixidas: 7
- Número de artigos en revistas de difusión: 86

OBSERVATORIO ASTRONÓMICO RAMÓN MARÍA ALLER

http://www.usc.es/astro

OBSERVATORIO

O Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela foi fundado en 1943 polo Dr. D. Ramón María Aller Ulloa como continuación do Observatorio particular que tiña en Laín (Pontevedra).

Dende entón, as súas investigacións deron lugar a numerosas publicacións científicas recollidas tanto en revistas internacionais como españolas.
Entre as liñas de investigación desenvolvidas polo seu persoal , destaca fundamentalmente o estudio das estrelas dobres e múltiples , tema iste que fora introducido en España polo Padre Aller.

Dende 1982, o Observatorio levou a cabo 13 proxectos de investigación, gracias os cales, os seus astrónomos poideron desprazarse a outros Centros Astronómicos de Europa, América e Asia. Tamén asináronse 4 Convenios e organizáronse diversos congresos científicos.

Hoxe en día no Centro estáse a editar con periodicidade cuatrimestral, a Circular de Información da Comisión 26 da Unión Astronómica Internacional.

Da súa actual instrumentación destaca o refractor doado polo fundador, así como a cámara de interferometría speckle e o fotómetro de ocultacións. En 2003 foi instalado un telescopio de 62 cms. de apertura.
O Observatorio, dado o seu carácter universitario, leva a cabo unha intensa labor docente ya que nel efectuan as prácticas os alumnos da Universidade que cursan asignaturas de Astronomía.

A biblioteca é unha das mais completas de España no seu xénero. Nos últimos anos, a dirección do Centro promoveu tamén un amplo número de actividades de extensión cultural . Preséntase anualmente unha Memoria de actividades e infórmase os distintos medios de comunicación dos fenómenos astronómicos que son noticia. No xardín do Observatorio existen duas estacións (manual e automática) coas que se obteñen os datos meteoroloxicos correspondentes a cidade de Santiago de Compostela.

Entre 1991 e 2002 desenvolveuse en convenio coa Xunta de Galicia o proxecto científico do Observatorio Astronómico de Monte Faro e as súas instalacións complementarias .

R. M. ALLER



Cámara de interferometría Speckle do Observatorio, acoplada ó telescopio de 1,52 m. de CALAR ALTO para a observación de estrelas dobres

No Observatorio diseñóuse un método orixinal de cálculo de órbitas de estrelas dobres, co cal determináronse mais de 200



Imaxe do cúmulo M15 captada coa cámara CCD-ST6

Estudianse asimesmo as propiedades físicas e dinámicas de sistemas binarios con compoñentes de tipos espectrais tardíos

Novo telescopio do Observatorio
Apertura: 0,62 m.
Distancia Focal: 6,20 m.

Na actualidade o Observatorio edita a Circular de Información da Comisión de Estrelas Dobres da Unión Astronómica Internacional

No centro trabállase tamén en temas de Mecánica Celeste: problema estelar de tres corpos, perda de masa das estrelas, etc. En total publicáronse mais de 100 artigos en revistas internacionais nos últimos 20 anos

Garita meteorolóxica

Visita escolar

Outras observacións que se adoita realizar son as ocultacións de estrelas pola Lúa, reconto diario de manchas solares e rexistros CCD.

Persoal actual do Observatorio Astronómico R. M. Aller e colaboradores:
Dr. J. A. Docobo (Director), Dra. J. F. Ling, Dr. V. Tamazian, Dr. M. Andrade, J.T. Barcala, A. Portugués, P. P. Campo, I. Fernández J. R. González, J. M. Noya, L. González, L. Arrojo, A. B. Iglesia, J. Bao, L. Francisco, M. Brea, A. Rguez. Lalín, J. Seoane, J. I. Hernández